

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 2 de decembro de 2024, (DOG núm. 238 do 11 de decembro de 2024), que deberá cualificar o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector (códigos de procedemento PR461F e PR461J), convocado mediante a Orde do 19 de setembro de 2024 (DOG núm. 188, do 30 de setembro)

En sesión que tivo lugar o 17.02.2025, este tribunal

ACORDOU:

Primeiro. Desestimar a única alegación presentada contra a resolución de 07.02.2025 pola que se fixeron públicas as cualificacións provisionais da segunda proba da fase de oposición e remitir informe individualizado para o aspirante que realizou alegacións ao caso práctico xunto cunha copia do seu exercicio.

Segundo. Aprobar as cualificacións definitivas do caso práctico e publicar xunto con esta resolución os seguintes anexos:

- Anexo I coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o caso práctico coas cualificacións definitivas acadadas no mesmo, por orde decrecente de puntuación.
- Anexo II coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o caso práctico coas cualificacións definitivas acadadas no mesmo, por orde alfabética.

Terceiro. Aprobar, (tendo en conta que todos os aspirantes están exentos da realización da terceira proba da fase de oposición, é dicir, da proba de avaliación do coñecemento da lingua galega) de acordo coa base 11 da convocatoria como Anexo III a esta resolución, por orde decrecente de puntuación a lista de persoas aprobadas en



número non superior ao de prazas convocadas, tendo en conta o número de prazas convocadas e os concellos de pertenza desas prazas.

Segundo a base 1.4 as prazas non cubertas no proceso de provisión por mobilidade acrecentarán as prazas convocadas no proceso de acceso por promoción interna, ao abeiro do artigo 11.5 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro. Isto só operará nos concellos que convocan ambos os procesos.

Por tanto no concello de Santiago de Compostela se acrecenta en 1 praza as ofertadas para promoción interna quedando un total de 4 prazas.

Cuarto. Aprobar como Anexo IV a esta resolución, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva cun número de persoas aspirantes que será, como máximo, igual ao de persoas aprobadas. Na listaxe de reserva figuran as persoas aspirantes que aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

Quinto. Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da AGASP esta resolución xunto cos anexos para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

Segundo o punto 5.10 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Pontevedra, 17 de febreiro de 2025.

A presidenta do Tribunal

María del Carmen Rebolledo Olmedo



